CONCELLO DE SANTIAGO

NOTA INFORMATIVA

NORMAS COVID-19 PARA A PROTECCIÓN DA SAÚDE DURANTE O DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS SELECTIVAS CONVOCADAS POLO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

1. As persoas aspirantes que teñan síntomas compatibles coa COVID-19, aquelas ás que se lles diagnosticara a enfermidade e que non finalizasen o período de illamento ou as que se atopen en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada coa COVID-19 nos últimos 14 días **NON poderán acceder** aos lugares indicados polos tribunais para realizar os exames.
2. Durante toda a duración do exercicio procurarase manter unha ventilación adecuada da aula.
3. En todo momento, deberase gardar a distancia mínima de seguridade (mínimo 1,5 metros).
4. En cada porta de acceso dispensarase xel hidroalcohólico, debendo proceder as persoas convocadas á desinfección das mans, tanto á entrada como á saída do exame, mediante a devandita solución desinfectante.
5. As/os aspirantes deberán vir provistos obrigatoriamente de máscara. Non se admitirá a entrada de ningunha persoa desprovista da máscara protectora. O uso da máscara é obrigatorio durante todo o proceso, esta deberá cubrir boca e nariz mentres se permaneza no lugar de celebración do exame (salvo os casos previstos na normativa, que deberán ser comunicados e acreditados mediante certificado médico ante o tribunal cun mínimo de 48 horas antes do inicio do exame). Se alguén non leva a máscara de xeito correcto, será advertido polos membros do tribunal ou persoal de apoio. En caso de reiterados incumprimentos sobre o uso correcto da máscara, o tribunal poderá acordar a expulsión da persoa aspirante. Non está autorizado o uso de pantallas.
6. Non se permitirá o uso de luvas por parte das/dos opositoras/es.
7. Os obxectos persoais de cada opositor/a serán os mínimos imprescindibles e deberán permanecer en todo momento xunto a el/ela e baixo a súa custodia.
8. As persoas aspirantes deberán vir provistas do seu propio bolígrafo azul e demais material de escritura que consideren necesario para a realización da proba. Non se poderá compartir material.
9. Unha vez finalizado o exercicio, o/a opositor/a levantará a man e un membro do tribunal recollerá o exame na súa mesa. Coa finalidade de evitar aglomeracións, a saída da aula deberá facerse de maneira ordenada, respectando as normas de distanciamento de 1,5 metros ata o exterior do edificio.

CONCELLO DE SANTIAGO

10. Para evitar aglomeracións, as persoas que precisen certificados de asistencia solicitaranos ao tribunal no momento da entrega do exame e esperarán fóra da aula a que lles sexan entregados.

11. Unha vez rematada a proba, as persoas participantes non poderán permanecer nos corredores e deberán dirixirse ao exterior do edificio.

12. No caso de que un/unha opositor/a ou calquera membro do tribunal ou persoal colaborador comezase a ter síntomas compatibles coa COVID-19 deberá informar inmediatamente ao/á presidente/a ou a calquera membro do tribunal coa finalidade de poñer en marcha o protocolo establecido para eses casos: será trasladado/a a unha zona reservada de illamento, contactarase co teléfono 900 400 116 e seguirá as súas instrucións; se os síntomas revestisen gravidade comunicarase co 061.